

TÍTULO IV: DO RÉXIME DISCIPLINARIO

ARTIGO 1

Ao obxecto de crear un clima de convivencia que asegure o orde interno e o benestar que permita conseguir coa maior plenitude os obxectivos educativos do centro é necesario o cumprimento das seguintes normas xerais de convivencia:

1. Respetar a dignidade, integridade e funcións do profesorado e de cantas persoas traballan no centro.
2. Respetar a dignidade, integridade, liberdade e demais dereitos do alumnado.
3. Acudir ao colexio en boas condicións de saúde e hixiene. No caso de observarse deficiencias informarase á familia e ás autoridades competentes que deberán poñer o remedio oportuno.

Se algún alumno/a vén repetidamente en malas condicións de hixiene e as familias non poñen remedio, terán que ducharse na escola. No caso do alumnado de Educación Infantil serán os titores os que comproben no momento da entrega do alumno/a que este vén en boas condicións hixiénicas, de non ser o caso a nai/pai ou adulto responsable procederá a bañar ao neno/a na escola.

4. Será de obrigado cumprimento asistir ás clases de E.F coa indumentaria proposta polos mestres/as que imparten esta materia.

Roupa deportiva (chandal, camiseta, mallas, sudadeiras, etc.):

- É imprescindible para facer exercicio físico por ser prendas cómodas e adecuadas.
- Non importa a marca, cor e forma.
- Deberá estar en boas condicións hixiénicas os días que teñan Educación Física.

Calzado deportivo:

- Deberá estar en boas condicións.
- Non importa a marca, cor e forma.
- Non se deben utilizar botas de montaña ou similares.

Para acadar unha mellor consecución dos obxectivos de carácter hixiénico os nenos ó remate da clase precisarán o seguinte material:

- Toalla pequena.
- Xabón ou xel (toallitas).
- Peite ou cepillo
- Camiseta para cambiarse.

5. Os nenos e nenas que comecen a súa escolarización na aula de 4º de educación infantil deberán acudir desde o mes de setembro sen cueiro. No caso de non ter adquirido o control de esfínteres serán as familias as que se encarguen da súa muda, se durante o horario de permanencia no colexio manchan a roupa.
6. O alumnado de Educación Infantil e Primaria deberá ser entregado polos seus pais ou persoas adultas (maiores de 18 anos) autorizadas por eles, de non ser así considérase unha falta, xa que está a incumprir a responsabilidade de garda e custodia e procederase a informar aos Servizos Sociais do Concello.
7. Todas as familias terán actualizados os teléfonos de contacto para que o titor/a do grupo contacte con algún familiar.
8. Comunicarase a Servizos Sociais se reiteradamente as familias non asisten ao centro cando son convocadas. Cada 3 faltas de asistencia a citas individuais co titor, citas colectivas co titor, departamento de orientación e citas co equipo directivo, se mandará un parte a Servizos Sociais.

Se durante un día se chama ás familias e non se contacta con elas por teléfono mandarase unha notificación por correo ordinario e acuse de recibo, se non recibimos contestación constará como unha falta de asistencia.

9. Asistir ao colexio con puntualidade. Non se permitirá o acceso ao centro fóra do horario sinalado, salvo autorización expresa da dirección do centro ou do/a mestre/a titor/a.
10. A falta de puntualidade xustificárase ao equipo directivo no momento de incorporarse coa presenza do/a pai/nai ou titor/a do/a alumno/a ou mediante nota escrita asinada polo/a pai/nai ou titor/a.
11. O alumnado que faga uso do servizo de comedor escolar e chegue despois das 9:00 horas non poderá quedar a comer e o virá a buscar alguén da súa familia sempre que a falta sexa non xustificada.
12. O alumnado que non faga uso do servizo de comedor escolar e cometa unha falta de puntualidade non xustificada chegando despois das 9:00 h, quedarase ao remate do horario escolar (14:00h) o mesmo tempo que chegou tarde. Será alguén da súa familia o encargado de recollelos.
13. Cada 3 faltas de puntualidade ao mes corresponderá unha falta de asistencia non xustificada que rexistrará o seu titor.
14. Cada 6 faltas de puntualidade o alumnado terá que vir un día pola tarde unha hora acompañado polos seus titores legais (segundo a disponibilidad dos mestres/as). Nesa hora terán que traballar sobre un documento onde se comprometeran a chegar puntuais ao colexio.
15. As faltas de asistencia xustificáranse en caso de ausencias irregulares mediante un documento no que conste o motivo polo que faltou: xustificante médico, da administración...
16. Cada mestre/a titor/a levará un rexistro das faltas de puntualidade e asistencia dos/as seus/súas alumnos/as e poderá esixir a súa xustificación.
17. Na reunión de principio de curso os/as mestres/as titores/as deberán informar aos/ás pais/nais ou titores/as de todo o relacionado coas faltas de asistencia ou puntualidade, o seu modo de xustificalas e consecuencias de non facelo.
18. Os titores e titoras levarán un rexistro diario das faltas de asistencia chamando por teléfono á familia o mesmo día en que falte o alumno ou alumna sen xustificar. Cada mes entregárase o rexistro de faltas en xefatura desde onde se remitirá un informe mensual a inspección e a Servizos Sociais do Concello de Ferrol. As familias que non respondan ás chamadas e citacións do titor ou titora serán convocados a unha reunión coa xefatura de estudos. De persistir as faltas de asistencia non xustificadas seguirase o protocolo da Consellería. (10% de ausencias inxustificadas durante tres meses consecutivos).
19. Cando un/unha alumno/a supere o 10% do horario lectivo de faltas non xustificadas aplicaráselle sistemas extraordinarios de avaliación. Se as ausencias inxustificadas superan ao 60% do horario lectivo aparecerá suspenso no historial académico cunha dilixencia que indique o motivo de dito suspenso.
20. Cando un/unha alumno/a supere o 10% de faltas sen xustificar mensuais non se lles expedirá o certificado para o RISGA.
21. Nos boletíns de cualificación farase constar o número de faltas xustificadas e non xustificadas.

22. Nas actas das sesións de avaliación quedará constancia da relación de alumnos/as que teñan un número de faltas inxustificadas de asistencia a clase que supere o límite establecido.
23. Cando un/unha alumno/a precise ausentarse do colexio unha vez iniciada a xornada escolar terán que vir a buscalo os seus pais, titores legais ou aquelas persoas autorizadas por estes (comprobado polo persoal do centro) que asinarán un documento polo que se responsabilizan do/a alumno/a a partir dese momento.
24. No caso de separación dos pais aquel que teña legalmente concedida a custodia terá a obriga de presentar no centro o documento que o demostre e aclarar con quen pode o/a alumno/a abandonar o centro. De non ter ningún documento no centro que así o impida ó/á alumno concederáselle autorización para abandonar o centro con calquera dos proxenitores que o veña buscar e asine o documento ao que se fai referencia anteriormente.
25. As entradas e saídas realizaranse en orde. O aviso de entrada ou saída farase cando empece a soar a música.
26. O alumnado de E.I. será recollido por profesorado de garda no seu edificio onde se formarán filas segundo o curso, e irán entrando co/coa seu respectivo titor/a. Os/as alumnos/as de Primaria entrarán pola porta do patio cuberto. Para que a entrada se faga de xeito ordenado o alumnado colocarse en filas segundo os respectivos cursos no patio cuberto. Cando soe a MÚSICA cada titor/a ou mestre/a especialista recollerá fóra ao seu grupo de alumnos/as por orden crecente de cursos e subirán as aulas pola escaleira correspondente segundo a P.X.A cumprindo as normas de convivencia.
27. Ao entrar os/as alumnos/as dirixiranse directamente a súa aula respectiva acompañados do seu titor/a ou mestre/a especialista. Os mestres/as de garda encargaranse de controlar que o alumnado chegue ao recinto escolar sen problemas, supervisalo desde a súa chegada ata que soe a música de entrada e o seu titor ou mestre especialista se faga cargo del.
28. Á saída os/as alumnos/as do primeiro andar comezarán a saír 5 minutos antes da hora sinalada acompañados do titor/a ou mestre/a especialista, pola escaleira correspondente, os de á dereita pegados ao pasamáns e os da á esquerda pegados á parede.
29. Cando soe a música baixarán os/as alumnos/as do segundo andar, pola escaleira correspondente: os da á dereita pegados ao pasamáns e os da á esquerda pegados á parede.
30. Os/as mestres/as que estean cos/coas alumnos/as á hora da saída encargaranse de que esta se faga ordenadamente. Para tal fin, acompañarán ao alumnado nas baixadas. Os mestres/as garda controlarán ao alumnado ata que cheguen ao autobús ou sexan recollidos polas súas familias.
31. Á hora do recreo todos os/as alumnos/as baixarán ao patio. Ningún alumno/a poderá acceder ou permanecer no edificio durante este tempo, salvo para facer uso da Biblioteca ou realizar algunha actividade educativa na aula e sempre con presenza dunha persoa responsable (mestre/a).
32. O alumnado durante o recreo esperará a que chegue o mestre/a de garda para acceder a biblioteca.
33. Ningún alumno/a poderá ser castigado na Biblioteca nin no recuncho da xoaniña. O uso da mesma nos recreos por parte dos nenos e nenas é voluntario, non pode ser imposto. Se algún neno ou nena é castigado na hora do recreo será o mestre/a que impoña o castigo o que se responsabilice do rapaz/a non podendo permanecer nos corredores.

34. As saídas e entradas do recreo realizaranse seguindo as mesmas normas que as establecidas para a entrada e saída do horario lectivo.
35. Durante o horario de recreo os/as alumnos/as non poderán abandonar o recinto escolar e estarán controlados/as polos/as mestres/as que teñan asignado ese labor de acordo co calendario que se establece na Programación Xeral Anual.
36. Os xogos realizaranse nas zonas adecuadas para iso. Co fin de que todo o alumnado poida gozar das instalacións deportivas establecerase o calendario de uso na P.X.A.
37. As zonas onde non pode permanecer o alumnado son:
- a zona entre o edificio de E.I. e E. P.
 - a zona que vai dende o pavillón ata o portal exterior
38. Organización do patio os días de chuvia:
- PATIO CUBERTO: Únicamente será utilizado polo alumnado de 1º ciclo. Non haberá préstamo de xogos populares. Está prohibido xogar con balóns. Os nenos/as non poden estar no ximnasio nin no corredor do edificio agás para ir a biblioteca (evitar entradas e saídas continuadas).
 - PAVILLÓN: Alumnado de 2º e 3º ciclo. Só poden xogar nas pistas (fútbol e baloncesto) os nenos/as que lles corresponda ese día. O demais non poden xogar con balóns. Evitar que os nenos/as tiren lixo ao chan.
Para a utilización do pavillón será obrigatorio empregar calzado axeitado.
39. Na hora do recreo aos baños accederase polo exterior. Non son un espazo de xogo e só poderá accederse para facer uso deles.
40. O programa de alimentación saudable é para todos os nenos e nenas. O consumo dos alimentos pertinentes realizarase nas aulas repectivas no centro escolar (antes da hora do recreo) e será o centro o que se encargue da súa compra e distribución. Aquel alumnado que por mor dalgunha alerxia ou outra causa xustificada non poida comer o que proporciona o centro, este intentará dar un alimento alternativo.
41. Os corredores non son un espazo para castigar. Durante as horas de clase están prohibidas as permanencias do alumnado sen presenza dun adulto no patio de recreo ou nos corredores agás para realizar actividades propostas polo profesorado que requiran ser feitas nestes espazos.
42. Os cambios de mestre/a procuraranse facer coa maior puntualidade. Para evitar que os/as alumnos/as permanezan sos o/a mestre/a que vai abandonar a aula agardará a que veña o/a compañeiro/a. Priorizarase os cursos máis baixos cando coincidan dous especialistas.
43. Cando os/as alumnos/as teñan que abandonar o recinto no que están para acudir á clase seguinte o/a mestre/a que estea con eles encargarse de que o fagan coa debida orde. Para tal fin o profesorado acompañará ao alumnado ata a aula.
44. A aula debe presentar sempre un aspecto coidado, limpo e ordenado xa que isto favorece a creación dun ambiente agradable para o traballo e a convivencia.

45. Todos os/as alumnos/as deben respectar aos seus compañeiros, realizar ordenadamente o seu traballo, atender ás explicacións do/a mestre/a e cumprir as normas establecidas na aula.
46. Cada alumno/a responsabilizárase do coidado do seu material e equipo persoal, manténdoo sempre en orde e deixándoo recollido cando abandone a aula.
47. As instalacións, moblaxe e útiles do colexio merecen o respecto e coidado de cantos o utilizan. Velar pola súa conservación, limpeza e embelecemento e tarefa de todos.
48. Non estará permitida a presenza de pais/nais ou persoas alleas á comunidade escolar nas zonas de docencia nin no patio de recreo en horas lectivas sen a debida autorización. A hora de entrada os pais acompañarán aos nenos/as de E.Primaria ata a portón de entrada e aos de E.I ata a porta do seu edificio.
49. Se algunha persoa precisara facer algunha xestión no colexio dirixirse a secretaría onde sempre hai unha persoa de garda. Se nese intre non houberse ninguén agardará a que veña o persoal de conserxería ou de secretaría.
50. Non estará permitido o uso do teléfono móbil, consola, dvds portátiles e cámara de fotos nas actividades do centro (lectivas, complementarias e extraescolares). Así mesmo tampouco se permitirá o uso de xoguets que inciten a xogos violentos. Os aparellos requisados permanecerán en dirección até que veñan os pais a recollelos. Ex. Unha pistola de xoguete.
51. Se algunha familia desexa algunha foto de recordo poderán solicitala na secretaria do centro ou na páxina web do centro.

ARTIGO 2

Os incumprimentos das normas de convivencia valoraranse tendo en conta a situación e as condicións persoais do/a alumno/a: nenos e nenas sen pautas e normas familiares, con problemas de conducta, hiperactivos...

ARTIGO 3

1) As “medidas reparadoras” que teñan que aplicarse polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto dos/as alumnos/as e procurarán a mellora nas relacións entre todos os membros da comunidade educativa. Estas medidas deberán estar directamente relacionadas coas faltas cometidas.

2) En todo caso, na corrección dos incumprimentos deberá terse en conta:

- a) Ningún alumno/a poderá ser privado do seu dereito a educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito a escolaridade. Se lle castigamos **por sistema** a non acudir a actividades complementarias estamos incumprindo isto.
- b) Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e a dignidade persoal do/a alumno/a
- c) As imposicións das correccións respectarán a proporcionalidade coa conduta do/a alumno/a e deberán contribuir á **mellora do seu proceso educativo**
- d) Os órganos competentes para a instrución do expediente para a imposición de correccións deberán ter en conta a idade do/a alumno/a, tanto no momento de decidir a súa incoación ou sobresemento como á efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.

- e) Teranse en conta **as circunstancias persoais, familiares ou sociais do/a alumno/a** antes de resolver o procedemento corrector. Para isto poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as devanditas circunstancias e recomendar, no seu caso, ós pais ou representantes legais do/a alumno/a ou ás instancias públicas competentes a adopción das medidas necesarias

ARTIGO 4

Os/as alumnos/as que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia nas instalacións do colexio ou no material están obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custe económico da súa reparación. Igualmente, os/as alumnos/as que furtaran bens do colexio deberán restituír o substraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos/as alumnos/as serán os responsables civís nos termos previstos nas leis

ARTIGO 5

Para a gradación das medidas reparadoras.

1.-Consideraranse circunstancias atenuantes:

- Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta
- Desculparse polo acto realizado
- A falta de intencionalidade

2.-Consideraranse circunstancias agravantes:

- A premeditación e a reiteración

ARTIGO 6

Serán sancionados os actos contrarios ás normas de convivencia realizados polos/as alumnos/as no recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares. Tamén poderán sancionarse actuacións do/a alumno/a que, aínda que fosen realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten os seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.

ARTIGO 7

O Consello Escolar, a través da comisión de convivencia, supervisará o cumprimento efectivo das correccións nos termos que foran impostas.

ARTIGO 8

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como

a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia. l) O incumprimento das sancións impostas.

ARTIGO 9

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.

b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.

c) A inasistencia inxustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.

d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.

e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

ARTIGO 10

As condutas leves contrarias ás normas de convivencia do colexio poderán ser corrixidas con:

a) Amoestación verbal privada

b) Comunicación na axenda aos pais

c) Petición espontánea de disculpas

d) Reparación inmediata do dano causado

e) Outras relacionadas coa xestión de aula que aparecen reguladas no plano de convivencia

f) Amonestación verbal colectiva (cando se descoñece a autoría dos feitos)

g) Sanción económica individual ou colectiva (cando se descoñece a autoría do robo deterioro do material)

h) Recuncho para a reflexión en aula.

i) Recuncho para o diálogo.

j) Comparecencia inmediata diante do/a director/a e /ou do/a xefe/a de estudos

k) Realización de traballos específicos no horario lectivo ou non lectivo

l) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do colexio ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións ou no material do centro ou as pertenzas doutros membros da comunidade educativa.

m) Comunicación por escrito ás familias.

n) Asistencia á aula de convivencia nun período corto de tempo para realizar actividades relacionadas con contidos específicos relacionados con habilidades sociais e intelixencia emocional.

ARTIGO 11

Todo o profesorado será responsable do alumnado no horario non docente dentro do horario lectivo (momento de entradas e saídas, en actividades complementarias e extraescolares, recreos, actividade de piscina, convivencia fin de curso...).

ARTIGO 12

Cando se produza unha falta leve o profesorado responsable nese momento do alumno/a elaborará un parte de incidencias se así o ve procedente (segundo o modelo que corresponda). Cando se produza unha falta gravemente prexudicial as normas de convivencia do centro a persoa responsable do alumno/a elaborará un parte de faltas. Cada tres partes de incidencias corresponderá a un parte de faltas dentro do mesmo mes.

ARTIGO 13

Serán competentes para decidir as correccións previstas no artigo anterior:

- a) O profesorado do/a alumno/a, dando conta ao/á titor/a e ao/á xefe/a de estudos das medidas a tomar.
- b) O/a titor/a do/a alumno/a.
- c) O/a xefe/a de estudos e o/a director/a, oído o/a alumno/a e o seu mestre/a titor/a.
- d) O/a director/a oído/a o/a titor/a e o equipo directivo, tomará a decisión tras escoitar ao/á alumno/a e os seus pais ou representantes legais, nunha comparecencia da que se levantará acta.

ARTIGO 14

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro poderán ser corrixidas con:

- a) **Amonestación escrita**
- b) Reparación do dano causado.
- c) **Comunicación por escrito ás familias.**
- d) Realización de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro ou, se procede, dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou material do colexio ou ás pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- e) Suspensión do dereito de participar nas actividades complementarias e/ou extraescolares do centro así como á non utilización dos servizos complementarios sempre e cando a conducta perturbadora fora realizada nalgunha actividade ou servizos mencionados anteriormente.
- f) **Asistencia á aula de convivencia no seguinte caso:**
 - f.1.- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou todas por un período de tres días ata un mes como máximo. No tempo que dure a suspensión, o/a alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo combinándoos cos obxectivos da aula de convivencia establecidos no plano de convivencia. (Co correspondente parte de faltas)
 - f.2.- Se o alumno/a ao cal se lle abriu un expediente disciplinario solicitando cambio de centro, volve a el despois da súa resolución, terá que pasar de forma transitoria pola aula de convivencia.
 - f.3.- Se chega ao centro un alumno/a expulsado doutro terá que pasar transitoriamente pola aula de convivencia.
- g) Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante o período que dure a tramitación do expediente disciplinario, máximo 12 días. (Co correspondente expediente disciplinario)
- h) Cambio de centro (Co correspondente expediente disciplinario)

ARTIGO 15

Aos tres partes de faltas graves abrírase un expediente disciplinario.

ARTIGO 16

No plano de convivencia do centro explicaranse pormenorizadamente as normas de convivencia do centro así como os distintos protocolos a seguir, os modelos de fichas de traballo e obxectivos e contidos de dita aula.

ARTIGO 17

Algunhas das medidas correctoras de conductas gravemente prexudiciais para a convivencia só se poden impoñer logo da tramitación do procedemento disciplinario.

ARTIGO 18

Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro docente, por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou da titora ou titor da alumna ou alumno ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos, ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

ARTIGO 19

A incoación do procedemento notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna ou alumno, con indicación da conducta que o motiva, as correccións que poden corresponder e o nome da profesora ou profesor que actuará como persoa instructora. Así mesmo, comunicarse á inspección educativa.

ARTIGO 20

No propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro pode adoptar motivadamente, por iniciativa propia ou por instancia do instructor, como medidas provisionais a suspensión do dereito de asistencia ao centro ata que se tramite o expediente disciplinario. A adopción de medidas provisionais notificarase á nai ou pai ou á titora ou titor da alumna/o.

ARTIGO 21

Finalizada a instrucción do procedemento, a persoa instructora formulará proposta de resolución e dará audiencia á nai ou pai ou á titora ou titor, convocándoos a unha comparecencia en horario lectivo na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inustificada, o trámite de audiencia rerase por realizado para todos os efectos legais, sen prexuízo do previsto no artigo 27 da lei 4 /2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.

ARTIGO 22

Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conducta da alumna ou alumno e impoñerá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

ARTIGO 23

A resolución notificarase á nai ou pai ou titor/a do alumno/a nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarse á inspección educativa.

ARTIGO 24

A resolución da persoa titular da dirección do centro por fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar revisión ante o Consello Escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na alínea f) do artigo 127 da Lei orgánico 2/2006, do 3 de maio, de educación.

ARTIGO 25

Reglamentariamente determinarase un procedemento conciliado para a resolución de conflitos de convivencia. A participación do alumnado ou/e representantes legais terá carácter voluntario, por solicitude do alumnado ou dos seus seres representantes legais, e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

ARTIGO 26

A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conducta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa. O cumprimento das accións reparadoras dará lugar á finalización do procedemento de corrección da conducta contraria á norma de convivencia.

ARTIGO 27

No procedemento, formalizado por escrito, incluírase a intervención dunha persoa instructora e dunha mediadora.

ARTIGO 28

O procedemento formalizado será o que determine o centro, coa aprobación do consello escolar, e que figurará no plano de convivencia.